

**RESOLUCIÓN do tribunal que avalía o proceso para a cobertura de un posto de persoal investigador, na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa do Consello Europeo de Investigación (ERC), no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería. Panel: PE11 Enxeñería de materiais, pola que se fai pública a puntuación provisional da primeira fase do proceso selectivo (Praza núm. 5).**

En sesión que tivo lugar o 15 de xuño de 2026, o tribunal nomeado pola resolución do 20 de maio do 2026 para valorar o proceso selectivo para a cobertura de un posto de persoal investigador na modalidade de investigador distinguido, para beneficiarios dunha bolsa ERC, no marco do programa Oportunius dentro do dominio ERC de Ciencias Físicas e Enxeñería. Panel: PE11 Enxeñería de materiais (praza núm. 5 - Resolución do 9 de abril de 2026, DOG núm. 78, do 28 de abril), adoptou o seguinte acordo:

Outorgar á candidata presentada ao proceso de selección, Sara Abalde Cela (\*\*7111\*\*), a puntuación seguinte:

- Artigo 13.1. letra a), publicacións de carácter científico: 26 puntos.
- Artigo 13.1. letra b), participación en proxectos e contratos de I+D+i: 25 puntos.
- Artigo 13.1. letra c), comunicacións e/ou relatorios en congresos ou reunións científicas nacionais e internacionais, a participación en traballos e informes de asesoramento científico, a participación na implantación de sistemas de calidade en organizacións e a experiencia en centros de investigación nacionais ou estranxeiros: 12 puntos.
- Artigo 13.1. letra d), calquera outro mérito relacionado co dominio ERC Ciencias Físicas e Enxeñería. Panel: PE11 Enxeñería de materiais : 7 puntos.

**Total: 70 puntos.**

De acordo co mencionado no artigo 13.1, o candidato disporá de tres días hábiles para presentar as reclamacións que considere oportunas.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela na data que figura na marxe

O secretario do Tribunal

Benito R. Fernández Rodríguez

